

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2014.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 10 de setembro de 2014, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

BEATRIZ CASTRO REY. (PP)

SATURNINO ABETE REDONDO. (PP)

RAMÓN CARRO OTERO.(PP)

XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 18.06.2014.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 13.06.2014 AO 05.09.2014.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2015.

5º) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE 2013.

6º) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE, DO 2º TRIMESTRE DE 2014.

7º) DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO ART. 16 DA ORDE HAP/2105/2012, DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN SEGUNDO TRIMESTRE DE 2014.

8º) MOCIÓNS.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

Dada conta da resolución da Alcaldía do 29.08.2014, ditaminada favorablemente a súa ratificación pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 09.09.2014, que transcrita di:

O Pleno do Concello en sesión de data 17.06.2011 aprobou a modificación do regulamento orgánico municipal, téndose publicado a mesma no BOP do 10.08.2011, establecendo que o Pleno ordinario correspondente ao mes de agosto trasladarase ao primeiro mércores do mes de setembro. En casos excepcionais e debidamente xustificados poderá adiantarse ou retrasarse pola alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que a conta xeral do orzamento do Concello de 2013 remata a súa exposición pública con data 1 de setembro de 2014, un día antes da data prevista do Pleno ordinario, e que a mesma debe ser aprobada, no seu caso, polo Concello segundo o art. 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais antes do día 1 de outubro, para a súa rendición ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro (art. 223).

Resultando que no mes de setembro non está prevista a celebración doutra sesión plenaria, agás circunstancias imprevisibles, e que o próximo Pleno ordinario corresponde ao día 15 de outubro, que impediría a rendición da conta dentro de prazo, e en virtude do principio de eficiencia polo aforro que supón esta medida nos actuais tempos de crise, resolvo:

1º) Retrasar a sesión ordinaria que debía celebrarse o día 3 de setembro ao 10 de setembro, polos motivos expostos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello para os efectos da súa ratificación.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a ratificación dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda ratificada a resolución da Alcaldía nos seus propios termos.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 18.06.2014.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 18 de xuño de 2014.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos trece membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 13.06.2014 AO 05.09.2014.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben.

13.06.14.- Aprobación do proxecto refundido das obras de instalación de pavimento continuo nos parques infantís do lugar de Pedrouzos.

13.06.14.- Suspensión temporal da obra de: reparación interior do pavillón polideportivo de Pedrouzos e adscrición do seu persoal á obra do POS 2014: proxecto de mantemento de beirarrúas nas parroquias de Brión e Os Ánxeles.

13.06.14.- Acordo do inicio das obras do POS 2014: proxecto de mantemento de beirarrúas nas parroquias de Brión e Os Ánxeles o 16 de xuño.

13.06.14.- Acordo do inicio das obras do POS 2014: proxecto de mantemento de estradas de Brión de Arriba A Riazoas, Gronzo, Brión de Abaixo (Brión), Casaldoeiro (Bastavales), Moldes (Luaña) e Pousada (Viceso) o 16 de xuño.

13.06.14.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: mantemento de estradas Brión de Arriba a Riazoas, Gronzo, Brión de Abaixo (Brión), Casaldoeiro (Bastavales), Moldes (Luaña) e Pousada (Viceso) no Concello de Brión.

13.06.14.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de mantemento de beirarrúas nas parroquias de Brión e Os Ánxeles - Concello de Brión.

13.06.14.- Contratación dun condutor e un peón para a obra de mantemento de estradas Brión de Arriba a Riazoas, Gronzo, Brión de Abaixo (Brión), Casaldoeiro (Bastavales), Moldes (Luaña) e Pousada (Viceso) no Concello de Brión.

16.06.14.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de derogación da ordenanza da taxa por instalacións e actividades publicitarias.

16.06.14.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento das licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización das actividades administrativas de control.

16.06.14.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

16.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 3.620,00 euros (comida excursión terceira idade á Costa da Morte).

17.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 euros (Cableuropa).

17.06.14.- Acordar a adhesión do Concello de Brión á plataforma electrónica "FACe – Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

17.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 847,50 euros (taxa Xunta campamento infantil).

17.06.14.- Devolución da fianza depositada para responder das obras de conexión ao alcantarillado en San Salvador.

17.06.14.- Devolución de fianza depositada do subministro de: vehículo multiusos e dunha segadora trituradora, á empresa Maquinaria Agrícola del Noroeste SL.

18.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 27.164,30 euros (cota mes abril da Mancomunidade Serra do Barbanza).

18.06.14.- Devolución do pago a un veciño do imposto sobre construcións, instalacións e obras correspondente á reparación de cuberta dunha vivenda e galpón na Gándara por renuncia da obra.

18.06.14.- Aprobación definitiva do padrón do lixo correspondente ao ano 2014.

19.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 11.451,89 euros (Gas Natural Servicios SDG, S.A).

19.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 13.633,78 euros (Gas Natural S.U.R. SDG, S.A).

19.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 21.381,51 euros (facturas varias).

19.06.14.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Quintáns.

19.06.14.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Brans de Abaixo.

19.06.14.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Lamiño.

20.06.14.- Autorización para a celebración da festa de Corpus Cristi no lugar de A Igrexa, Os Ánxeles, o día 22 de xuño de 2014.

20.06.14.- Baixa dun veciño no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.

23.06.14.- Levantamento da suspensión das obras do proxecto: reparación interior do pavillón polideportivo de Pedrouzos.

23.06.14.- Autorización para a celebración da festa de Sacramento no lugar da Igrexa - Cornanda, o día 29 de xuño de 2014.

23.06.14.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña pagados en concepto de prezo público pola excursión da terceira idade á Costa da Morte.

23.06.14.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño pagados en concepto de prezo público pola excursión da terceira idade á Costa da Morte.

23.06.14.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña pagados en concepto de prezo público pola excursión da terceira idade á Costa da Morte.

23.06.14.- Ingreso de 102,01 € a favor da Deputación por cumprimento de embargo a un traballador.

23.06.14.- Pago da extra de xuño.

23.06.14.- Reintegro da cantidade de 85,00 € a un traballador por pagamento anticipado.

25.06.14.- Adhesión ao Plan de financiamento das cuadrillas de obras e servizos municipais da Deputación da Coruña para o 2014.

25.06.14.- Reintegro da cantidade de 7,95 € a unha traballadora por pagamento anticipado.

25.06.14.- Reintegro da cantidade de 27,20 € a unha traballadora por pagamento anticipado.

25.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 54,55 euros (gastos de locomoción, estacionamento e peaxe dun traballador).

25.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 77,22 euros (gastos de locomoción e manutención dun traballador).

25.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 37,88 euros (gastos de locomoción e manutención dun traballador).

25.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 107,04 euros (gastos locomoción e manutención dun traballador).

25.06.14.- Aprobación de expediente de modificación de saldos iniciais de dereitos recoñecidos de orzamentos pechados por omisións ou erros contables.

26.06.14.- Autorizar na conta aberta no supermercado Froiz para adquisición de artigos necesarios.

27.06.14.- Autorización para a celebración da festa de Sacramento no lugar da Igrexa - Bastavales, o día 29 de xuño.

27.06.14.- Aprobación do proxecto de limpeza de aldeas de Babenzo, Chave de Carballo e Cabreiros.

27.06.14.- Aprobación do proxecto de limpeza e mantemento de parques infantís.

28.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 1.273,49 euros (Telefónica de España S.A).

30.06.14.- Altas padrón de habitantes do mes xuño.

30.06.14.- Baixas padrón de habitantes do mes xuño.

30.06.14.- Recoñecemento dun trienio a un laboral.

30.06.14.- Pago de produtividade.

30.06.14.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

30.06.14.- Autorizar na conta aberta do supermercado Froiz a adquisición de artigos.

30.06.14.- Pago de nóminas do mes de xuño.

30.06.14.- Aprobación do proxecto de limpeza e mantemento de zonas verdes e espazos públicos.

01.07.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 462,25 euros (Telefónica Móviles).

01.07.14.- Inicio procedemento sancionador tráfico.

02.07.14.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 3/2014.

02.07.14.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 4/2014.

02.07.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 41.754,88 euros (facturas varias).

03.07.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97,12 euros (CP Agro Novo).

03.07.14.- Corrección dun erro na conta xustificativa da subvención para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2013.

03.07.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 2.542,50 euros (taxa Xunta campamento xuvenil).

04.07.14.- Compensación da cantidade de 375,80 euros en concepto de sancións pola liquidación do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, dos anos 2011 e 2012, liquidada pola Deputación á entidade mercantil Urban Portfolio Inmobiliario S.L.

04.07.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 1.339,24 euros (Helvetia Cia Suiza S.A.).

04.07.14.- Pago de incentivos a laborais.

04.07.14.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 5/2014.

07.07.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de xullo de 2014.

08.07.14.- Convocatoria sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas do Concello para o día 28 de xullo de 2014.

08.07.14.- Altas e baixas no programa de axudas ao transporte presentadas entre os días 1 de abril e o 30 de xuño de 2014.

09.07.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 452,00 euros (taxa Xunta campamento xuvenil).

09.07.14.- Baixa dun veciño no servizo de axuda a domicilio básico.

10.07.14.- Alta dun veciño no servizo de axuda a domicilio persoas dependentes.

10.07.14.- Modificación de cota para o curso 2014-2015 dunha veciña usuaria da escola infantil municipal.

10.07.14.- Modificación de cota para o curso 2014-2015 dun veciño usuario da escola infantil municipal.

10.07.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 54.328,60 euros (cota maio e xuño 2014 Mancomunidade Serra do Barbanza).

10.07.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 13.393,62 euros (Electricidade Cruceiro SL).

10.07.14.- Aprobación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio do mes de xuño.

10.07.14.- Aprobación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio dependentes do mes de xuño.

14.07.14.- Autorización para a celebración da festa do Carme no lugar de A Igrexa, Bastavales, os días 15 e 16 de xullo de 2014.

14.07.14.- Aprobación expediente modificación crédito MC 06/2014.

14.07.14.- Aceptación baixa voluntaria dun traballador do grupo de emerxencias supramunicipal (GES) de Brión.

14.07.14.- Aprobación expediente modificación crédito MC 07/2014.

14.07.14.- Suspensión da adscrición duns traballadores da obra de mantemento de estradas Brión (POS 2014) para adscribilos na obra de tratamentos preventivos en vías, camiños e outras superficies forestais de titularidade municipal.

14.07.14.- Adscrición de persoal e maquinaria para a realización de tratamentos preventivos en vías, camiños e outras superficies forestais de titularidade municipal.

14.07.14.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato de obras de: instalación de pavimento continuo nos parques infantís do lugar de Pedrouzos.

14.07.14.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato de obras de: mellora na praza do Concello.

14.07.14.- Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o 15 de xullo.

14.07.14.- Inicio expediente limpeza de fincas na Av/ de Noia.

14.07.14.- Desestimación recurso reposición interposto por un veciño contra a notificación de alta no padrón de lixo 2014.

15.07.14.- Aprobación do expediente de contratación e inicio da licitación por procedemento negociado sen publicidade das obras de: instalación de pavimento continuo nos parques infantís do lugar de Pedrouzos.

15.07.14.- Adxudicación á empresa Limpiezas Salgado S.L. da execución do contrato de servizos de: limpeza no edificio da casa do concello, centro de saúde e centro social polivalente de Brión polo prezo de 62.681,63 €/3 anos.

16.07.14.- Aprobación do padrón fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 2º trimestre de 2014.

16.07.14.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato de subministro de materiais para o proxecto de obras de mantemento de diversas pistas rurais distribuídas pola totalidade do termo municipal de Brión.

16.07.14.- Autorización para a celebración da festa do Carme no lugar de A Igrexa, Luaña, o día 20 de xullo de 2014.

16.07.14.- Contratación dun peón para o grupo de emerxencias supramunicipal de Brión.

17.07.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 75.748,80 euros (facturas varias).

17.07.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 6.816,33 euros (Gas Natural Servicios SDG, S.A).

17.07.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 7.256,37 euros (Gas Natural S.U.R. SDG, S.A).

17.07.14.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato de subministro de materiais para o proxecto de obras: mellora e mantemento de pistas o Concello de Brión. Tremo - O Cabo, Piñeiro - Sanin, A Graña.

17.07.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 euros (Cableuropa).

17.07.14.- Solicitud dunha subvención para a realización de investimentos no ámbito do medio ambiente.

18.07.14.- Aprobación do expediente de contratación e inicio da licitación por procedemento negociado sen publicidade da obra: mellora na praza do Concello.

18.07.14.- Aprobación do expediente de contratación e inicio da licitación por procedemento negociado sen publicidade do subministro de materiais do proxecto de obras: mellora e mantemento de pistas o Concello de Brión. Tremo - O Cabo, Piñeiro - Sanin, A Graña.

18.07.14.- Recepción das obras de pavimentación de camiño de Baliño a Saíme (San Xulián de Bastavales) e outros.

18.07.14.- Acompañamento dun traballador en comisión de servizos do grupo da viaxe da mocidade á Xerez da Fronteira.

18.07.14.- Aprobación da liquidación de taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 15 de xullo.

21.07.14.- Solicitud de información en relación á utilización do campo de fútbol.

21.07.14.- Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local o 22 de xullo.

22.07.14.- Aprobación do expediente de contratación e inicio da licitación por procedemento aberto cun único criterio de adxudicación (factor prezo) do subministro de materiais do proxecto de obras: mantemento de diversas pistas rurais distribuídas pola totalidade do termo municipal de Brión.

22.07.14.- Desestimación das alegacións presentadas por uns veciños en relación cun camiño na aldea de Busto de Frades.

22.07.14.- Aprobación da conta xustificativa da subvención programas de apoio ao deporte 2013 (realización dun busto en bronce ao autor homenaxeado nas letras galegas 2013).

22.07.14.- Aprobación da conta xustificativa da subvención actividades e investimentos de promoción económica 2013 (ampliación da rede xeral de saneamento e auga potable para dar servizo a vivendas no lugar de Quintáns).

22.07.14.- Inicio expediente limpeza de fincas na Gándara.

22.07.14.- Inicio expediente limpeza de fincas no lugar de Outeiro.

22.07.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 3.101,70 euros (Instalaciones y Turismo Joven S.A).

23.07.14.- Inadmisión a trámite do escrito de solicitude de limpeza de fincas en Coruxido.

23.07.14.- Denegación de solicitude de uso da casa da cultura para a realización dunha charla informativa.

23.07.14.- Aprobación expediente modificación crédito MC 08/2014.

23.07.14.- Aprobación expediente modificación crédito MC 09/2014.

23.07.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 591,12 euros (Generali España, S.A).

23.07.14.- Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico.

23.07.14.- Inicio expediente sancionador de tráfico e nomeamento de órgano instrutor do procedemento.

24.07.14.- Contratación do servizo de catering para a festa dos maiores do Concello de Brión 2014 á Restaurante A Magdalena polo importe de 15.048 €

28.07.14.- Aprobación do inicio de expediente e bases de selección de persoal con carácter temporal para a execución do programa de actuacións de limpeza de pistas no Concello de Brión 2014.

28.07.14.- Anulación e aprobación dunha nova liquidación de imposto sobre construcións, instalacións e obras dunha obra menor de construción dun galpón en Cantelar.

28.07.14.- Aprobación da liquidación de taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 22 de xullo.

28.07.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 2.263,45 euros (facturas varias).

28.07.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 1.256,16 euros (Telefónica España).

29.07.14.- Desestimación da solicitude de aprobación do denominado plan de mantemento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Brión.

29.07.14.- Pago de nóminas.

29.07.14.- Recoñecemento de trienios a tres laborais.

29.07.14.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

30.07.14.- Imposición a Urban Servicios Inmobiliarios S.L. dunha cuarta multa coercitiva, por importe de oito mil euros como consecuencia do incumprimento do ordenado nos Decretos de Alcaldía de data 08.06.2012, 27.07.2012 e 15.04.13.

31.07.14.- Designación dunha funcionaria como substituta do posto de secretaria da Mesa de Contratación do subministro de materiais para a execución do proxecto: mellora e mantemento de pistas no Concello de Brión.Tremo - O Cabo, Piñeiro - Sanín, A Graña.

31.07.14.- Aprobación da certificación núm. final da obra: acondicionamento da beirarrúa emprazada dentro dun ámbito dotacional deportivo que dá acceso ás pistas deportivas, pavillón e piscina municipais sito en Lamiño, realizada por administración polo Concello, por importe de: 9.751,59 euros.

01.08.14.- Solicitud dunha oferta á empresa Construcciones Ponciano Nieto S.L para a licitación da obra de: mellora na praza do Concello xa que a oferta solicitada á empresa Semar Aluminio, S.L. veu devolta.

01.08.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 445,60 euros (Telefónica Móviles España).

01.08.14.- Autorización para a celebración da festa de San Xulián no lugar de A Igrexa, Luaña, o día 11 de agosto de 2014.

01.08.14.- Autorización para a celebración da festa de San Xulián no lugar de Soutullos, San Salvador, os días 5 e 6 de agosto.

01.08.14.- Aprobación da xustificación presentada polo Clube de Fútbol Bastavales Unión Deportiva.

04.08.14.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais.

04.08.14.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da ordenanza da taxa pola prestación do servizo de inspección relacionado coa medición e control de rúidos e vibracións en actividades sometidas a licenza de apertura ou á presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

04.08.14.- Altas padrón de habitantes do mes xullo.

04.08.14.- Baixas padrón de habitantes do mes xullo.

05.08.14.- Designación dunha funcionaria como substituta do posto de secretaria da Mesa de Contratación da obra de: instalación de pavimento continuo nos parques infantís do lugar de Pedrouzos.

05.08.14.- Ratificación do documento de resolución contractual do contrato adxudicado a Grupo Tau Coruña S.L. relativo á modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

05.08.14.- Inscripción no Rexistro de Asociacións do Concello á Asociación SD Brión.

06.08.14.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato de mantemento no campo de fútbol da herba artificial.

06.08.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de xullo de 2014.

06.08.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xullo de 2014.

06.08.14.- Aprobación da liquidación da taxa pola prestación do servizo de comedor en días soltos da escola infantil municipal correspondente ao mes de xullo de 2014.

06.08.14.- Inicio das obras por administración do proxecto de mantemento de beirarrúas nas parroquias de Brión e Os Ánxeles (POS 2014).

07.08.14.- Inscripción no Rexistro de Asociacións do Concello á asociación Os Ánxeles Veteranos.

07.08.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 3.086,20 euros (Wurth SL).

08.08.14.- Aprobación do expediente de contratación e inicio da licitación por procedemento negociado sen publicidade para o servizo de: mantemento no campo de fútbol da herba artificial.

08.08.14.- Convocatoria de sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para o luns 11 de agosto.

11.08.14.- Baixa de oficio no padrón municipal de habitantes deste Concello por inscrición indebida.

11.08.14.- Declaración de caducidade da inscrición dunha veciña no padrón municipal de habitantes por non ter renovada a súa inscrición padroal.

11.08.14.- Aprobación da liquidación de taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 11 de agosto.

12.08.14.- Inicio expediente limpeza en Aguiar.

13.08.14.- Inadmisión a trámite dunha solicitude de limpeza de fincas en Adoufe.

13.08.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97,12 euros (CP Agro Novo).

13.08.14.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato: instalación de pavimento continuo no parque infantil da urbanización de Agro Novo polo procedemento de contrato menor.

14.08.14.- Autorización para a celebración da festa da Nosa Señora no lugar de Soigrex, Os Ánxeles, os días 15, 16, 17 e 18 de agosto de 2014.

14.08.14.- Contratar o servizo de campamento infantil verán 2014 á empresa Aquafit Gestión SL, polo importe máximo de 9.597,60 €, IVE incluído.

14.08.14.- Contratar o servizo de transporte do campamento de verán 2014 á empresa Autocares Modesto Riveiro S.L. polo importe máximo de 1.800 €, IVE incluído.

14.08.14.- Contratación de dous peóns mediante contrato por obra ou servizo determinado de interese social, para a realización da obra: limpeza e mantemento de zonas verdes e espazos públicos.

14.08.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 56,50 euros (taxa Xunta, campamento infantil).

14.08.14.- Confirmación das prazas para participar no campamento de verán do ano 2014.

18.08.14.- Inicio expediente limpeza en Lamiño.

18.08.14.- Inicio expediente limpeza en Nináns.

18.08.14.- Inicio expediente limpeza en Gundín.

18.08.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 euros (Cableuropa).

18.08.14.- Concesión dunha axuda de emerxencia social a un veciño.

19.08.14.- Aprobación definitiva do padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 2º trimestre de 2014.

19.08.14.- Inicio do expediente para a execución das obras de mellora e mantemento de pistas no Concello de Brión, Tremo- O Cabo, Piñeiro- Sanín, A Graña, polo sistema de administración.

20.08.14.- Designación dun funcionario como substituto do posto de secretaria da Mesa de Contratación de instalación de pavimento continuo nos parques infantís do lugar de Pedrouzos.

20.08.14.- Adxudicación á empresa Repsol Lubricantes y Especialidades S.A. e a Mibasa SA a execución do contrato de subministro de materiais da obra do proxecto de: mellora e mantemento de pistas no Concello de Brión. Tremo - O Cabo, Piñeiro - Sanin, A Graña. lote 1 e lote 2 respectivamente.

20.08.14.- Designación dun funcionario como substituto do posto de secretario da Mesa de Contratación da obra: mellora na praza do Concello.

20.08.14.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 10/2014.

20.08.14.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 11/2014.

21.08.14.- Aprobación do expediente de contratación e iniciar a licitación polo sistema de contrato menor da obra: instalación de pavimento continuo no parque infantil da urbanización de Agro Novo.

21.08.14.- Contratación de dous conductores e dous peóns para a obra: mantemento de pistas no Concello de Brión, Tremo-O Cabo, Piñeiro-Sanín, A Graña.

21.08.14.- Acordar o inicio das obras de: mantemento de pistas no Concello de Brión, Tremo-O Cabo, Piñeiro-Sanín, A Graña o 26 de agosto.

21.08.14.- Designación dun funcionario como substituto do posto de secretario da Mesa de Contratación da obra: Proxecto de mantemento de diversas pistas rurais distribuídas pola totalidade do termo municipal de Brión.

21.08.14.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 12/2014.

22.08.14.- Inclusión no Rexistro de Asociacións do Concello a Asociación: Brión Dental Club de Fútbol.

22.08.14.- Inicio expediente de limpeza en Av/ Santa Minia.

22.08.09.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 4.200 euros (asistencias ás sesións dos concelleiros durante o 2º trimestre).

22.08.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 15.672,75 euros (Gas Natural Servicios SDG SL).

22.08.14.- Devolución ingresos indebidos a unha veciña pola actividade de campamento de verán.

22.08.14.- Devolución ingresos indebidos a unha veciña pola actividade de campamento de verán.

22.08.14.- Devolución ingresos indebidos a un veciño pola actividade de sendeirismo.

22.08.14.- Devolución ingresos indebidos a un veciño pola actividade de sendeirismo.

25.08.14.- Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o 26 de agosto.

25.08.14.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: mellora e mantemento de pistas no Concello de Brión, Tremo- O Cabo, Piñeiro- Sanín, A Graña.

26.08.14.- Contratación dunha persoa para o posto de técnico de educación infantil na escola infantil municipal de Brión en substitución da traballadora que se atopa de baixa por maternidade.

26.08.14.- Adxudicación á empresa Lappset España VR S.L. da execución do contrato de obras de: instalación de pavimento continuo no parque infantil da urbanización de Agro Novo, polo prezo de 15.538,80 €

27.08.14.- Autorización para a celebración da festa de San Ramón no lugar do Tremo, Os Ánxeles, os días 30 e 31 de agosto de 2014.

27.08.14.- Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato de servizos de escolas musicais 2014-2015.

27.08.14.- Devolución de aval depositado para responder das obras de construción dunha vivenda unifamiliar no Outeiro nº 37 dos Ánxeles.

27.08.14.- Devolución de aval depositado para responder das obras de construción dunha vivenda unifamiliar no Outeiro nº 38 dos Ánxeles.

27.08.14.- Devolución de aval bancario para responder do servizo de: catering da escola infantil municipal de Brión á empresa Coesco Deza SL.

27.08.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 8.414,97 euros (Gas Natural Servicios SDG, S.A).

27.08.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 4.675,85 euros (Gas Natural S.U.R. SDG, S.A).

27.08.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 41.559,51 euros (facturas varias).

28.08.14.- Autorización para a celebración da festa do Santo Arandel no lugar de Chave de Ponte, Bastavales, os días 30 e 31 de agosto de 2014.

28.08.14.- Modificación de cota para a escola infantil municipal 2014-2015 a unha veciña.

28.08.14.- Devolución de aval depositado para responder das obras de construción dunha vivenda unifamiliar no Outeiro núm. 39 dos Ánxeles.

28.08.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 1.065,18 euros (Generali España, S.A).

28.08.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 1.256,16 euros (Telefónica España, S.A).

29.08.14.- Retraso da sesión ordinaria que debía celebrarse o día 3 de setembro ao 10 de setembro.

29.08.14.- Pago de nóminas.

29.08.14.- Recoñecemento de trienios a dous laborais.

29.08.14.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

29.08.14.- Aprobar a liquidación das taxas da XGL celebrada o 26 de agosto.

29.08.14.- Autorización para a celebración da festa do Rosario en Cornanda, o día 31 de agosto de 2014.

29.08.14.- Adxudicación á empresa Lappset España VR SL. da execución do contrato de obras de: instalación de pavimento continuo nos parques infantís do lugar de Pedrouzos, polo prezo de 39.929,55 euros.

01.09.14.- Altas no padrón de habitantes do mes agosto.

01.09.14.- Baixas no padrón de habitantes do mes agosto.

01.09.14.- Contratación do servizo de coordinador de seguridade e saúde da obra: instalación de pavimento continuo nos parques infantís do lugar de Pedrouzos a Juan Moreno Badía polo prezo de 363,00 euros, IVE incluído.

01.09.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 305,18 euros (Telefónica España, S.A).

02.09.14.- Inclusión no Rexistro de Asociacións do Concello a Asociación: BRION FUTSAL.

02.09.14.- Denegación dunha axuda de emerxencia a unha veciña.

02.09.14.- Modificación de cota para o curso 2014-2015 dunha veciña usuaria da escola infantil municipal.

02.09.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97,12 euros (CP Agro Novo).

03.09.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 818,16 euros (Mapfre Vida).

03.09.14.- Aprobación da certificación final da obra: reparación interior do pavillón polideportivo de Pedrouzos, realizada por administración.

04.09.14.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: instalación de pavimento continuo nos parques infantís do lugar de Pedrouzos.

04.09.14.- Autorización para celebrar a XXXII festa do cabalo de Brión.

05.09.14.- Convocatoria de comisión informativa de servizos e pleno ordinario para o 10 de setembro.

O Pleno toma coñecemento.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2015.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 27.06.2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 09.09.2014, que transcrita di:

Visto o Decreto da Consellería de Traballo e Benestar 67/2014, do 28 de maio, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2015 (DOG 112, do 13.06.2014), proponho ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Propoñer como festivos locais deste Concello para 2015 as seguintes datas:

- O xoves 14 de maio de 2015 (festas da Ascensión) e o mércores 24 de xuño de 2015 (San Xoán).

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE 2013.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 2 de setembro de 2014 que transcrita di:

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento do Concello de 2013, e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 28 de xullo de 2014, sometida a exposición pública durante o prazo de quince días hábiles consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, mediante anuncio no BOP núm. 146, do 4 de agosto de 2014 e no taboleiro de edictos do Concello e non presentándose durante dito prazo e os oito días hábiles seguintes ningunha reclamación, reparo ou observación, segundo certificación de secretaría que consta no expediente, proponse a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a conta xeral do orzamento do Concello de 2013.

2º) Consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, rendir a conta xeral para a fiscalización externa ao Consello de Contas de Galicia, ao abeiro do disposto na Resolución do Consello de Contas de Galicia do 11 de xullo de 2011, pola que se ordena a publicación do acordo do pleno da institución do 3 de maio de 2011, polo que se aproba a instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 18.07.2011), debendo remitirse a mesma por Intervención.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

6º) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE, DO 2º TRIMESTRE DE 2014.

Dáse conta dos informes de intervención e tesourería sinalados correspondentes ao 2º trimestre de 2014 que xa foron remitidos con anterioridade ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, non existindo ningunha factura pendente de recoñecer.

O Pleno toma coñecemento dos informes emitidos pola intervención e pola tesourería municipais do 2º trimestre de 2014, en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

7º) DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO ART. 16 DA ORDE HAP/2105/2012, DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN SEGUNDO TRIMESTRE DE 2014.

Dáse conta da información rendida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación de estabilidade e da regra do gasto correspondente ao segundo trimestre de 2014, que xa foi remitido con anterioridade vía telemática ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, informándose que o Concello cumpre co principio de estabilidade orzamentaria así como coa regra do gasto.

O Pleno toma coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, relativa á execución ao segundo trimestre do 2014.

8º) MOCIÓNS.

Aprobouse por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia das seguintes mocións.

1) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE A DEFENSA DOS REXISTROS CIVÍS E EN CONTRA DA PRIVATIZACIÓN DO SERVIZO.

Dada conta pola Alcaldía da moción sinalada con rexistro de entrada no Concello núm. 3677, do 8 de setembro, que transcrita di:

Exposición de motivos:

O Goberno que preside Mariano Rajoy vén de aprobar no Consello de Ministros do pasado venres día 4 de xullo o " Real Decreto Ley 8/2014 de aprobación de medidas urgentes para el crecimiento, la competitividad y la eficiencia ", o cal xa foi publicado no Boletín Oficial do Estado (BOE) ao día seguinte. Este Real Decreto, entre outras medidas de interese como a regulación dos horarios e a apertura nos comercios, os límites as taxas nos pagos en comercios con tarxetas de crédito, a privatización de AENA e as tarifas aeroportuarias, a liberación dos prezos enerxéticos, a regulación dos drones, etc... tamén regula a competencia do Rexistro Civil, que pasará a ser responsabilidade dos rexistradores que teñan ao seu cargo as oficinas do Rexistro Mercantil.

Ata o de agora a expedición de certificacións rexistrais realizábanse na súa maioría de maneira directa nas dependencias dos Rexistros Civís ou nos Xulgados de Paz nas propias localidades, é dicir o servizo prestábase de xeito directo e inmediato (agás aquelas que precisaban ser apostiladas polo Tribunal Superior de Xustiza, ou aquelas outras que se estendían sobre documentos doutros países).

Ademais o Real Decreto 8/2014 establece na súa Disposición Adicional décimo novena sobre a prórroga da entrada en vigor da Lei 20/2011, que regula o Rexistro Civil, que a data límite para a aplicación do disposto será o día 15 de xullo de 2015. Polo que tras a decisión por parte do goberno de Mariano Rajoy de entregarlle o Rexistro Civil aos Rexistradores Mercantís supón que os nosos veciños terán que desprazarse a unha cidade na que exista Rexistro Mercantil para realizar os trámites relativos aos expedientes rexistrais ou outra certificación que precisen, o cal ocasionará outro trastorno e dificultade a maiores para os e as cidadás, aos que cada día se lle infrinxen máis castigos por parte do goberno do Partido Popular poñéndolle constantes trabas e obstáculos para poder achegarse á administración. Está claro que o Goberno do presidente Rajoy e o ministro Gallardón con esta modificación só conseguen afastar un servizo público da sociedade e crearlle un custe adicional aos cidadáns.

Este é un paso para a privatización do Rexistro Civil, posto que os Rexistradores Mercantís, a pesares de ser funcionarios públicos do Estado, actúan como empresas privadas, xa que os seus ingresos non proceden dos Presupostos Xerais do Estado senón dos aranceis que lle cobran aos seus clientes, e polo tanto son a todos os efectos empresas privadas que ademais actúan como tales. A Disposición Adicional vixésimo segunda di que se creará unha "Corporación de Dereito Público", a encargada da contratación, xestión, mantemento, conservación e actualización do sistema informático que xestionará e almacenará os datos de todas as oficinas do Rexistro Civil.

Esta "Corporación de Dereito Público" terá personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins, e estará formada polos rexistradores que en cada momento resulten responsables da levanza dos Rexistros Civís e Mercantís. Polo que, os datos de millóns de persoas se poñerán en mans de empresas privadas que se encargarán de xestionalos e custodialos

A este entorpecemento e privatización do servizo hai que engadir os miles de postos de traballo que se destruírán, xa que os sindicatos denuncian a incerteza dos 2.500 funcionarios que traballan nos Rexistros Civís de toda España, aos que hai que sumar o risco de perda do emprego para outros 2.500 interinos que traballan nos xulgados e tribunais.

En definitiva, o Real Decreto 8/2014 supón a defunción do servizo público que era o Rexistro Civil de tal xeito que, a partir de agora, un acto como a inscrición dun nacemento, unha defunción, un matrimonio, unha separación, un divorcio ou cambiar o nome e os apelidos vai a significar un novo atranco para a cidadanía por culpa dun goberno que so pretende destruír e rematar co servizo público da xustiza. Porque a esta decisión hai que sumarlle as desgraciadas medidas da Lei de taxas e os recortes na xustiza gratuíta coa cal se impedía o acceso a centos de miles de persoas ao sistema xudicial, ademais de crear unha desigualdade ao convertela nunha xustiza para ricos. E posteriormente coa Lei orgánica do poder xudicial que definitivamente arrasará coa xustiza de proximidade.

Pero o peor de todo e que esta modificación dos Rexistros Cívís se agache nun Real Decreto Lei de 170 páxinas, no que se abordan cuestións que afectan a oito ministerios, e que a parte sobre a privatización dos Rexistros apareza unicamente en seis disposicións adicionais e unha final, e só en seis parágrafos da exposición de motivos que ten una extensión de 30 páxinas; ademais de orixinar as protestas, non só dos grupos políticos da oposición, senón tamén de sindicatos, colectivos de xuíces e secretarios xudiciais e incluso do propio Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís porque foi imposto sen ningún tipo de diálogo nin negociación.

Por todo o anteriormente exposto é polo que solicitamos:

1º) Instar ao Goberno de España a que elimine as disposicións adicionais décimo novena, vixésima, vixésimo primeira, vixésimo segunda, vixésimo terceira, vixésimo cuarta e a Disposición Final 8 do " Real Decreto Ley 8/2014 de aprobación de medidas urgentes para el crecimiento, la competitividad y la eficiencia" pola que se modifica a Lei 20/2011, de 21 de xullo, do Rexistro Civil.

2º) Dar traslado do presente acordo a todos os grupos con representación no Congreso dos Deputados.

Debate:

A Sr^a. Concelleira Vázquez García sinala que no seu momento votamos a favor de que seguisen existindo os Rexistros Cívís nos concellos, pero agora falamos dun argumentario do PSOE, faláse de privatización, pero en ningún momento este Real Decreto - Lei pon nada de privatización, hai unha Disposición Adicional a 21 que fala da gratuidade do servizo sen excepción de ningún tipo; se fala na moción das empresas privadas pero resulta que no Real Decreto - Lei se fala da Lei orgánica de protección de datos, e logo din vostedes que hai que eliminar unha serie de disposicións non sei moi ben porqué; que problema hai en que exista un sistema informatizado e único en todo o Estado?, se di incluso como se vai contratar iso e non vexo ningún problema para a contratación; engade que mentres non pasen aos Rexistros Mercantís serán competentes os xuíces; respecto dos funcionarios sabemos que teñen o posto garantido, quedarán aí ou noutro sitio onde os poidan adscribir; falan tamén de 2.500 interinos e co meu respecto para eles deben saber que se entran na administración sen pasar unha oposición en calquera momento poden estar na rúa, non queremos que pase isto, queremos que os coloquen noutro sito pero a vida é así.

Engade que por todo o anterior nós non podemos estar en contra deste Real Decreto - Lei, con independencia de que aprobamos que os Rexistros Cívís continuasen existindo.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que apoiamos a moción do PSG-PSOE, que o PP está a desmontar todo o que estaba montado e que é a mesma cantinela de sempre do PP.

O Sr. Alcalde remata sinalando que isto é un regalo que lle fai o PP aos Rexistradores da Propiedade.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

2) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A REXEITAR A MODIFICACIÓN DA LOREG QUE PROPÓN O PP PARA ELIXIR DIRECTAMENTE AOS ALCALDES E ALCALDESAS.

Dada conta pola Alcaldía da moción sinalada con rexistro de entrada no Concello núm. 3678, do 8 de setembro, que transcrita di:

Exposición de motivos:

Os medios de comunicación avanzaron estes días a intención do Goberno do PP de seguir adiante coa reforma da Lei electoral para a elección directa de alcaldes, aínda que non teña o apoio do PSOE. O pasado 28 de xullo, Pedro Sánchez, Secretario Xeral do PSOE, na súa entrevista co Presidente do Goberno, Mariano Rajoy, xa mostrou o seu desacordo coa reforma electoral proposta polo Goberno do PP, trasladando un non rotundo ao cambio de elección de alcaldes, por entender que non se poden propor cambios de tanto calado sen acordo político e a poucos meses das eleccións municipais.

Nestes momentos, cando quedan nove meses para as próximas eleccións municipais esta reforma electoral exponse por parte do Goberno de forma oportunista e prepotente. A estratexia do PP consiste en lanzar un globo sonda, dicir que están abertos ao diálogo e acusar ao resto de forzas políticas de non querer alcanzar acordos. Entendemos que a política é diálogo, negociación e acordo, pero tamén é cumprir as regras das que nos dotamos democraticamente e non modificalas en base a intereses partidistas. O Goberno do PP non pode cambiar as regras de xogo minutos antes de terminar o partido, por esta razón debe de explicar porqué ten tanta prisa en modificar a reforma electoral que afecta ao réxime municipal.

Todo parece indicar que o medo a perder alcaldías é o motivo que impulsa a reforma que propón o Goberno de Rajoy. Esta proposta non é unha demanda social, nin política, unicamente responde á petición dos alcaldes do PP que queren perpetuarse no poder a base de burlar as maiorías democráticas. Nesta ocasión o Goberno do PP volve menosprezar unha vez máis á FEMP como entidade representativa do municipalismo no noso país. As maiorías en democracia, constrúense negociando, cedendo e compartindo. En España dotámonos dun sistema electoral proporcional para dar voz ás minorías e para que estas agrupadas e desde o acordo político poidan converterse tamén en maioría.

O PP fala moito de rexeneración democrática, pero nin a coñece, nin a practica. O señor Rajoy debería saber que en democracia, o partido maioritario non pode impoñerse á maioría formada por outras forzas políticas, que un 40 % non é maioría absoluta, e que 5+2 son máis que seis. Mentres o PP non teña claro ese principio democrático, non hai negociación posible.

O PSOE vai evitar, con todos os medios ao seu alcance, que a fraude electoral que o PP perpetrou coa modificación do Estatuto de Castela - A Mancha repítase de novo co sistema de elección de alcaldes. En España, os cambios de sistema electoral leváronse sempre a cabo con consenso, diálogo e a través do pacto, xusto ao contrario do que pretende agora o PP.

En definitiva, non se poden expor cambios sobre a elección dos alcaldes modificando urxentemente a LOREG, sen acordo e a poucos meses das eleccións locais. O Goberno de Rajoy segue empeñado en atacar sistematicamente a autonomía local, primeiro anunciou aos catro ventos a súa reforma local, que foi un fracaso absoluto, aprobando a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, que baleira de capacidade política e de competencias aos Concellos, e afasta aos cidadáns e veciños das entidades locais polo desmantelamento que se está producindo dos servizos públicos que os municipios prestaban, despois o Goberno anunciou a proposta de Lei de demarcación e planta xudicial, que está encima da mesa do Ministro de Xustiza, que desvitaliza a actividade xudicial dos concellos que foron cabezas de partido xudicial. E agora o PP ameaza novamente a democracia municipal expoñendo unha reforma electoral de forma unilateral para favorecer unicamente os seus intereses políticos e electorais.

Por todo iso, o grupo municipal socialista no Concello de Brión somete a votación a seguinte moción na que se insta ao Goberno de España a: rexeitar a modificación da LOREG que propón o PP para elixir directamente aos Alcaldes e Alcaldesas.

Debate:

A Sr^a. Concelleira Vázquez García sinala que imos votar en contra porque este tema é unha demanda e un clamor por parte dos militantes do PP; e que vostedes teñen medo de non gañar as eleccións?

O Sr. Alcalde sinala que cando xogaba ao fútbol logo de comezado o partido nunca permitimos que se cambiasen as normas.

Engade a Sr^a. Concelleira que vostedes o outro día co BNG aprobaron que se cambiaran as regras do xogo cando aprobaron que se votara a República; espero que Mariano Rajoy tome a decisión, que aínda non está tomada, pero oxalá o faga; sorpréndeme tamén iso que din vostedes de que en democracia hai que consensuar, onde estaban vostedes para consensuar a Lei do aborto pese ao clamor popular?, onde estaban vostedes cando se fixo o pacto antiterrorista e vostedes estaban negociando con ETA por detrás?, din que isto é para perpetuar aos alcaldes do PP, pero resulta que vostedes están en pactos co BNG e consensuan tan ben que logo cada un goberna pola súa banda como se fai en Vigo. Lle digo unha cousa, os cambios se poden plantexar en calquera momento e máis cando se ten maioría absoluta, e ademais é un clamor de gobernos e militantes do PP e por iso é normal que o Sr. Rajoy o faga e que se na elección do secretario xeral do PSOE os outros dous candidatos pactaran non estaría agora o secretario xeral que teñen vostedes.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que eu creo que lle conviña tomar tila antes de vir aos Plenos, creo que o debate é alucinante, debíades dicir queremos dar un golpe de Estado e se acabou; eu creo que polo que ven nos xornais Rajoy o está a pensar xa, que iso é indefendible, eu apoio o xogo das maiorías e as negociacións.

A Sr^a. Concelleira Vázquez García sinala que eu con vostede ao lado non vou tomar tila, vou ter que tomar tranquimazín polas cousas que di.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

3) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A REFORZAR O FINANCIAMENTO PÚBLICO DESTINADO A GARANTIR O DESENVOLVEMENTO E APLICACIÓN DO PROGRAMA EUROPEO DE AXUDA ALIMENTARIA ÁS PERSOAS MÁIS NECESITADAS.

Dada conta pola Alcaldía da moción sinalada con rexistro de entrada no Concello núm. 3679, do 8 de setembro, que transcrita di:

Exposición de motivos:

A crise económica e as políticas de recortes de dereitos en sanidade, educación e política social levadas a cabo polo Goberno de España están a contribuír a ampliar a desigualdade social. Ante esta dramática situación, faise absolutamente necesario reforzar, por parte das Administracións Públicas, a atención directa aos cidadáns que se encontran en situación de pobreza ou exclusión social.

Un dos instrumentos cos que conta o Goberno de España é o Plan de axuda alimentaria aos máis necesitados (PEAD), establecido pola Unión Europea e xestionado a través do Fondo Español de Garantía Agrícola (FEGA). Este Plan trata de poñer a disposición das persoas necesitadas, de forma gratuíta, alimentos básicos de calidade.

No Plan do ano 2013 a asignación correspondente a España ascendeu a 85,6 millóns de euros. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a través do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), responsable da execución do Plan, comprou mediante un procedemento de licitación un total de 80 millóns de quilos de alimentos: aceite de oliva, legumes (lentellas e garavanzos), arroz, leite UHT, queixo, macarróns, fariña, galletas, froita en conserva sen azucre engadido, feixóns verdes en conserva, tomate frito, cereais infantís e potitos. Segundo información do FEGA, esta cesta de 14 produtos, de doado transporte e almacenamento, pouco perecedoiros e, sobre todo, de carácter básico, permitía preparar doadamente unha comida completa para unha persoa ou para unha familia con varios membros, incluídos bebés.

En 2013 Cruz Vermella Española e a Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL), designadas polo FEGA, distribuíron en todas as provincias o total dos alimentos, nunha proporción do 50% cada unha, a máis de 9.000 entidades benéficas que, á súa vez, atenden a máis de 2.000.000 de persoas cuxa situación económica ou familiar de necesidade, lles impedía adquirir alimentos de forma regular.

Para a execución do Plan 2014 o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a través do FEGA, comprou mediante un procedemento de licitación pública os seguintes alimentos: arroz, lentellas, leite UHT, macarróns, galletas, feixóns verdes en conserva, tomate frito, leite de continuación e potitos.

Apréciase unha significativa redución do número de produtos da cesta básica, que pasa de 14 en 2013 a só 9 en 2014. Desapareceron alimentos tan importantes como o aceite, os garavanzos, o queixo, a froita en conserva sen azucre engadido e os cereais infantís. A pesar diso, o propio FEGA, sostén que esta cesta permite que as persoas desfavorecidas poidan preparar doadamente unha comida completa para unha persoa ou para unha familia con varios membros, incluídos bebés.

É evidente que se produciu unha mingua significativa na calidade e variedade dos produtos básicos que integran a cesta. Pero ademais, numerosas organizacións están a denunciar unha importante diminución na cantidade de alimentos que se están a repartir.

Por todo iso, o grupo municipal socialista no Concello de Brión somete a votación a seguinte moción na que se insta ao Goberno de España a:

1º) Reforzar o financiamento público destinado a garantir ás persoas máis necesitadas alimentos básicos de calidade, a través dos Presupostos Xerais do Estado, no marco de políticas de cohesión para a inclusión social e o apoio aos servizos sociais de integración prestados polas administracións públicas e entidades asociativas colaboradoras para a atención dos colectivos afectados.

2º) Garantir que o Plan de axuda alimentaria para 2014 proporcione aos seus beneficiarios unha cantidade de produtos básicos suficiente para cubrir as súas necesidades.

3º) Garantir que o Plan de axuda alimentaria para 2014 proporcione aos seus beneficiarios unha calidade e variedade de produtos igual ou superior á que ofreceu o Plan de 2013.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que pídolle ao grupo do PP sinceramente que aprobe isto porque se está a pasar fame en España.

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que a min a verdade estar a estas alturas dicindo que hai necesidades, iso está claro e o vemos todos os días; nós facendo exame de conciencia dicimos que o argumento dos desvalidos está moi ben para o PSOE, pero que os alimentos básicos están garantidos e as froitas poden distribuírse tamén gratuitamente; ao mellor hai que mercar máis alimentos, non o sei porque non estou no Goberno, pero os básicos están garantidos, poden existir dúbidas co aceite aínda que tampouco é considerado básico en España e remata sinalando que tal e como está plantexada a moción non a podemos aprobar.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que votaremos a favor.

O Sr. Alcalde sinala que tal e como di a moción aceite, garavanzos, etc..., desapareceron dos básicos e que en definitiva se trata de atender en condicións a máis persoas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

4) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A ESTENDER O SUBSIDIO POR DESEMPREGO ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN QUE CAREZAN DE INGRESOS E TEÑAN RESPONSABILIDADES FAMILIARES, ASÍ COMO A OUTROS COLECTIVOS CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE INSERCIÓN.

Dada conta pola Alcaldía da moción sinalada con rexistro de entrada no Concello núm. 3680, do 8 de setembro, que transcrita di:

Exposición de motivos:

A longa duración da crise, xunto a un sistema de protección por desemprego non previsto para ciclos desta duración, fai que a protección das persoas desempregadas e das súas familias día a día váiase esgotando.

Segundo a enquisa de poboación activa do segundo trimestre de 2014, hai 5.616.011 persoas en situación de desemprego, das cales só 1.773.573 perciben algún tipo de prestación. O artigo 35.1 da Constitución consagra o dereito e a obriga de traballar ao establecer que "todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo".

Para as persoas desempregadas que, malia a súa vontade, se ven impedidas de poder exercer o dereito constitucional ao traballo, o artigo 41 da Constitución dispón que "Os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais abondo ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. "

Segundo a enquisa de poboación activa referida, hai 3.842.438 persoas desempregadas que carecen de todo tipo de protección. A estas persoas, ademais do dereito ao traballo, tamén se lles conculca o dereito á súa protección en caso de desemprego.

Esta situación supón unha grave inxustiza social, máis aínda cando sabemos que moitas delas son persoas en desemprego de longa duración con responsabilidades e sen ningún tipo de ingreso económico. Segundo a enquisa de poboación activa mencionada, máis de 740.000 familias teñen a todos os seus membros no paro e carecen de todo tipo de ingresos. Conculcar o dereito constitucional á protección por desemprego está a provocar, ademais, que esta pobreza tan severa e sobrevida a estean a padecer de forma moi directa os nenos e nenas cos seus proxenitores no paro. Os organismos internacionais como UNICEF estima en máis de 2 millóns o número de nenos e nenas españois en situación de pobreza.

A situación de necesidade de todas estas familias está causada pola súa situación de desemprego. De aí que os poderes públicos, de acordo co inequívoco mandato do art. 41 da Constitución, deban garantir a asistencia e prestacións sociais abondo ante a situación de desemprego.

Levamos máis de seis anos de profunda crise e, segundo as previsións de organismos internacionais e do propio Goberno, nin tan sequera en 2017 se terá recuperado o volume de emprego existente en 2011. Segundo as persoas expertas neste ámbito, coas políticas actuais, tardarase unha década en recuperar os niveis de emprego anteriores á crise.

No que vai de ano, o gasto en prestacións diminuíu en 2.236 millóns de euros sobre o ano pasado. Xa son plenamente eficaces os graves recortes que o Goberno asestou á protección por desemprego a través do Real Decreto - Lei 20/2012, de 13 de xullo, e do Real Decreto - Lei 23/2012, do 23 de agosto. A cobertura por desemprego apenas alcanza un 58 por cento das persoas desempregadas inscritas nas oficinas de emprego. Se se continúa coa mesma dinámica, ao final de ano o gasto en protección por desemprego será 6.000 millóns menos que en 2013. Todo iso a pesar de que a cifra de persoas en desemprego de longa duración e de familias con todos os seus membros no paro continúa en niveis intolerables.

Agora ben, ademais destas persoas, tamén hai outros colectivos especialmente vulnerables que sofren a desprotección e teñen serias dificultades para encontrar emprego. Son as mulleres vítimas de violencia, as persoas con minusvalidez e as persoas maiores de 45 anos que, unha vez que esgotaron a renda activa de inserción, non teñen acceso a ningunha prestación.

O grupo socialista, a través desta proposición non de Lei, e en consonancia co acordo alcanzado coas organizacións sindicais UGT e CC.OO. na Mesa de Diálogo Social que por fin abriu o Goberno, insta a este a ampliar a protección por desemprego, a través do subsidio por desemprego, regulado na Lei da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Legislativo 1/1994, do 20 de xuño (LGSS).

Trátase dunha extensión da protección por desemprego no seu nivel asistencial ante as novas situacións de necesidade que creou esta profunda e prolongada crise.

A través desta proposición non de Lei esíxese que se garanta o dereito constitucional a unha protección por desemprego mediante o acceso ao subsidio por desemprego a todas as persoas que leven máis dun ano inscritas como paradas, sempre que teñan responsabilidades familiares e carezan de ingresos. E tamén se estende ás vítimas de violencia de xénero, ás persoas con minusvalidez e ás persoas maiores de 45 anos que tivesen esgotado a renda activa de inserción, dada a súa especial vulnerabilidade e dificultades de inserción.

O subsidio concederáse por un período de 6 meses, prorrogables de forma sucesiva mentres a persoa desempregada continúe en situación legal de desemprego. Este mecanismo de protección manterase ata que a taxa de desemprego estea por debaixo do 15 por cento.

A contía deste subsidio será igual ao 80 por cento do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples Mensual (IPREM), vixente en cada momento, na actualidade 426 euros mensuais. Dado que este subsidio non está vinculado a anteriores cotizacións senón á carencia de rendas superiores ao 75 por cento do SMI, a súa contía percibirase na súa totalidade pola persoa desempregada aínda que na súa orixe se tratase dun desemprego por perda dun traballo a tempo parcial. Á súa vez, a contía do subsidio incrementárase en función das responsabilidades familiares da persoa beneficiaria seguindo os criterios establecidos no artigo 217.2 LGSS, con independencia da súa idade. Agora ben, a devandita contía aumentárase en cen euros cando houberse fillos ou fillas menores de idade.

Tamén instamos ao Goberno a que financie a contratación de técnicos e técnicas de emprego polos Servizos Públicos de Emprego, co fin de reforzar a atención individualizada, e así facilitar a incorporación ao emprego das persoas en desemprego de longa duración, dadas as súas dificultades de inserción.

Estas medidas debe adoptalas o Goberno de forma inmediata e con carácter de urxencia, pois neste caso é indiscutible a situación de urxente necesidade que sofren as persoas en desemprego con responsabilidades familiares.

Agora que o Goberno anuncia o cambio de conxuntura económica non é posible deixar as principais vítimas da crise en desamparo, como se se tratase dunha xeración esquecida.

É necesario dedicar unha atención especial a todas aquelas persoas que están a sufrir a traxedia do desemprego e desenvolver políticas de protección e de activación da súa empregabilidade.

As medidas que propoñemos poderían alcanzar máis dun millón de persoas paradas, na súa maioría con responsabilidades familiares, que nestes momentos non teñen ningún tipo de ingreso.

Por todo iso, o grupo municipal socialista no Concello de Brión somete a votación a seguinte moción na que se insta ao Goberno de España a:

1º) Modificar, de forma inmediata e con carácter urxente, o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1994, do 20 de xuño, para que, a

partir do 1 de agosto de 2014, se amplíe a protección por desemprego no seu nivel a asistencial a todas as persoas desempregadas que leven inscritas nos servizos públicos de emprego máis dun ano, teñan responsabilidades familiares e cumpran os requisitos de carencia de rendas.

2º) Non obstante o establecido no apartado anterior, este subsidio tamén se estenderá ás mulleres que tivesen acreditado a condición de vítima de violencia de xénero, a aquelas persoas que acrediten unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por cento, ou teñan recoñecida unha incapacidade que supoña unha diminución na súa capacidade laboral da porcentaxe anteriormente indicada, e ás persoas paradas maiores de 45 anos, cando esgotasen a Renda Activa de Inserción ou se encontrasen dentro dos 365 días naturais anteriores á data da solicitude do dereito á admisión ao devandito programa.

Este subsidio concederáse por un período de 6 meses, prorrogables de forma sucesiva mentres a persoa desempregada continúe en situación legal de desemprego. Este mecanismo de protección manterase ata que a taxa de desemprego estea por debaixo do 15 por cento.

A contía deste subsidio será igual ao 80 por cento do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples mensual vixente en cada momento. Esta contía percibirase na súa totalidade pola persoa desempregada aínda que na súa orixe se tratase dun desemprego por perda dun traballo a tempo parcial. A súa vez, a contía do subsidio incrementarase en función das responsabilidades familiares da persoa beneficiaria seguindo os criterios establecidos no artigo 217.2 LGSS, con independencia da súa idade. Cando as responsabilidades familiares alcanzasen a menores de idade, esta contía incrementarase en 100 euros por menor. A incorporación a este subsidio non estará condicionada a ter esgotado anteriormente algunha prestación contributiva ou asistencial, senón exclusivamente aos requisitos esixidos na propia definición de cada colectivo.

3º) O Goberno implementará de xeito inmediato coas Comunidades Autónomas e os interlocutores sociais un Plan de emprego específico para as persoas en desemprego de longa duración.

4º) Este Plan incluírá, en todo caso, o aumento da dotación dos Servizos Públicos de Emprego con novos técnicos e técnicas de emprego para a atención individualizada das persoas en desemprego de longa duración que, como mínimo, deberá alcanzar as 3.000 persoas expertas en orientación e promoción de emprego.

Debate:

A Sr^a. Concelleira Vázquez García sinala que esta moción é oportunista, e pregunta como non tiveron vostedes en conta a Constitución cando gobernaban?, cando chegou a crise, cando non tomaron medidas, cando deixaron que saqueran as caixas, que veñan agora a dicir ao PP que se tomen medidas, onde estaban vostedes?.

Engade a Sr^a. Concelleira que para ter dereito a esixir primeiro hai que cumprir e vostedes non cumpriron cos españois porque non os defenderon e dígolle máis pactan con CCOO e UXT para esixir ao Goberno e que se se repartisen os cartos dos fondos de reptís de Andalucía ao mellor era beneficioso para os parados. En todos os concellos existen técnicos e gabinetes de emprego, pero o traballo non ven polos técnicos, ven coas empresas, nós prometemos crear postos de traballo e traballar para crear postos de traballo, no PP se traballa con medidas fortes para os traballadores, así é, porque non tomaron vostedes estas medidas cando gobernaban, e remata sinalando que vostedes buscan unha sociedade subsidiada e non traballadora.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que penso que estas medidas que se plantexan son positivas, son medidas de urxencia que contribúen a que os problemas diminúan, non vou

cuestionar os razoamentos do PP, pero me sorprende que o PP dea un paso atrás neste tema e me preocupa politicamente falando, e remata sinalando que esperamos que se poidan poñer en marcha esas medidas.

A Sr^a. Concelleira Vázquez García sinala que o PP de Brión está ao lado dos necesitados, pero non está de acordo con esta moción.

O Sr. Alcalde sinala que pídolle ao PP de Brión seriedade e que demostren como defenden aos que o necesitan e traballan.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

5) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO A COLOCACIÓN DOS HORARIOS DE AUTOBÚS DO SERVIZO DE TRANSPORTE METROPOLITANO.

Dada conta da moción sinalada con rexistro de entrada no Concello núm. 3696, do 8 de setembro, que transcrita di:

Que se acorde solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a colocación nas marquesiñas do Concello dos horarios do transporte público metropolitano así como a colocación de marquesiñas nas paradas de autobús do Concello que carecen das mesmas.

O motivo da moción é a reiterada queixa por parte de veciños de Brión do descoñecemento das frecuencias dos autobuses do Servizo Metropolitano de Transportes, o que conleva incomodidades aos usuarios e nunha importante proporción a non utilización do servizo.

Desde o Partido Popular de Brión consideramos unha verdadeira mágoa que non se empregue o transporte público ao nivel que se debería por un problema de tan sinxela solución como é a colocación física dos horarios do servizo.

Debate:

O Sr. Alcalde explica que a Sr^a Concelleira Vázquez García leva un tempo xa no Concello e debe saber do que estamos a falar, que este é un tema moi protestado por nós na prensa, e que a moción poder ser esixirlle aos gobernantes do PP que cumpran e que cumpran xa; que no último convenio de transporte metropolitano de data 3 decembro de 2010 se di: dentro das funcións de promoción do transporte metropolitano, a Dirección Xeral de Mobilidade asume o compromiso de editar e manter actualizados periodicamente os horarios dos servizos de transporte, e a facilitarlos nun modelo harmonizado aos concellos, as cales asumen, a súa vez, a obriga da súa difusión pública e, singularmente, do seu emprazamento e renovación nas marquesiñas e demais infraestruturas de transporte metropolitano. Queda claro a quen hai que pedirlo?.

A Sr^a. Concelleira sinala que si, que á Xunta, que nós dicimos que lle pida vostede á Xunta iso.

O Sr. Alcalde sinala que na moción di que se pida ao Sr. Alcalde.

A Srª. Concelleira sinala que di que se solicite a colocación, non que faga vostede a colocación, eu lle entendo perfectamente, me parece unha chorrada. O Sr. Alcalde sinala que é a segunda vez que lle digo que mida as súas palabras.

A Srª. Concelleira sinala que non o estou acusando a vostede de non poñelos.

O Sr. Alcalde sinala que emenda a moción in voce no senso de que poña: o Pleno do Concello acorda esixirille á Xunta de Galicia para que cumpran o establecido no convenio.

O Sr. Alcalde sinala que necesita vostede tranquilizarse. A Srª. Concelleira sinala que se falamos de respecto, falamos de respecto para todos, non sei porqué está vostede a perder os nervios, pedimos que o goberno municipal a través deste acordo solicite novamente que se pida a colocación dos horarios, non pedimos máis nada, non sei o motivo de debate, por qué en Ames están e en Brión non?. O Sr. Alcalde sinala que non sei desde cando están en Ames porque o cambio dos horarios foi o luns. A Srª. Concelleira sinala que antes xa estaban postos e aquí non. A Srª. Concelleira acepta a emenda formulada pola Alcaldía.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción coa emenda aceptada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda en consecuencia aprobado o seguinte acordo: O Pleno do Concello de Brión esixe á Xunta de Galicia que cumpra co establecido no convenio asinado en materia de transporte metropolitano con data 3 de decembro de 2010.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

1. Rogos formulados por escrito polo grupo municipal do PP:

1.1. Que ante a petición de información de varios veciños acerca da posibilidade ou non de facer fogo nas parrillas situadas nas zonas recreativas existentes no Concello, solicitamos se expoña con paneis informativos en ditas zonas a prohibición de facer fogo reflectida na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, de forma que os veciños/as de Brión coñezan o contido da mesma e non sexan sancionados por descoñecemento da mesma.

O Sr. Alcalde sinala que a prohibición non afecta aos terreos urbanos e nós temos as parrillas en zona urbana e polo tano a prohibición non lle afecta para nada e remata sinalando que se se puxeron cunha finalidade recreativa non imos prohibir agora nós se non o fai a lexislación.

1.2. Que se realicen as xestións oportunas para a restrición do tráfico pesado, exceptuando o transporte público, na Avenida de Santa Minia. Evitando deste xeito o posible perigo para os veciños/as do Concello derivado do paso destes vehículos e agravado pola presenza da escola de música e os seus alumnos, así como o deterioro que se produce na calzada polo fluxo de camións.

Este rogo vén motivado pola preocupación dalgúns pais con fillos matriculados na escola de música e o feito de que consideramos innecesario o paso destes vehículos pola zona tendo un vial moito máis axeitado para a circulación como é a autovía e o seu vial de saída.

Sinala o Sr. Alcalde que el non é quen para restrinxir o tráfico pola Avenida de Santa Minia, sería a Xunta, pero para elo debe dar outras alternativas e cumprir o convenio asinado que non cumpre, terá que manter por suposto o transporte metropolitano, o transporte que ven de Negreira, o escolar tanto público coma privado.

A Sr^a. Concelleira sinala que falamos de transporte pesado de camións, agás os públicos, non entendeu vostede o rogo.

O Sr. Alcalde sinala que á Xunta é a encargada de mirar por esa estrada e se se estraga amañala e non mantela como está, e dicir tamén que a escola de música ten un aparcamento para o este servizo.

A Sr^a. Concelleira pregunta, e nós como Concello non lle podemos dicir á Xunta que regule iso?. O Sr. Alcalde sinala que cumpra a Xunta e faga o que teña que facer e que cumpra co convenio asinado, nós lle pedimos no seu momento que fixera unha alternativa a esta estrada e non o cumpre, e remata sinalando que os usuarios da escola dispoñen de aparcamento.

2. Pregunta formulada oralmente polo grupo mixto (BNG):

2.1. Apareceu no xornal a constitución da Área de Turismo de Santiago e non está Brión, é certo?.

Responde o Sr. Alcalde que non está pero tampouco está fora, nós pedimos información sobre para que era, e se é para poñer cartos soamente non estaremos, pero se é para promocionar Brión estaremos, poderemos estar.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que creo que é un erro, creo que é un ente que nace con deficiencias e erros pero que o obxectivo é interesante.

O Sr. Alcalde responde que poderíamos entrar mañá en función do contido concreto que se estableza, non estamos fora agora mesmo.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e trece minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González